



Martes, 03 de outubro do 2017

A contacontos Paula Carballeira ofreceu este martes no campus unha conferencia sobre este tema

Reivindicando desde as aulas a función pedagóxica do teatro

Foi a primeira das sesións da terceira edición do Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil

Delicious

Rosa Tedín | Ourense

Este martes arrancou no campus de Ourense a terceira edición do Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil, coordinado desde a Facultade de Ciencias da Educación pola docente Isabel Mociño. Nesta ocasión, o ciclo está dedicado ao teatro e as súas potencialidades na Educación Infantil, contando con seis conferencias doutros tantos expertos e expertas nesta temática. Para dar unha primeira visión xeral sobre este tema, a primeira das sesións contou cunha intervención da escritora, contacontos e actriz Paula Carballeira titulada *Que facemos co teatro?*. Ao seu remate, tivo lugar un concerto de Carmen Penim e Maurizio Polsinelli, integrantes de 2naFronteira, que interpretaron un repertorio de versións musicais baseadas en diferentes poemas de coñecidos autores e autoras de literatura infantil e xuvenil.

Formando futuros docentes

A cita contou na súa inauguración coas intervencións de responsables das entidades implicadas na súa organización, estando Valentín García, secretario xeral de Política Lingüística; Xosé Manuel Cid, vicedecano da Facultade de Ciencias da Educación; Isabel Mociño, coordinadora da actividade, e Cesáreo Sánchez, presidente da Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega. Durante a súa intervención, Isabel Mociño quixo destacar como estas entidades "comparten o obxectivo común de querer visibilizar as producións teatrais para os máis novos", facendo fincapé a profesora na "debilidade do teatro no curriculum dos futuros docentes" e na importancia desta arte "para dar azos ao diálogo e á liberdade".

Destacando "o alto poder pedagóxico e poder de transmisión que ten o teatro", Valentín García salientou pola súa banda a importancia que xoga nesta arte a oralidade e en consecuencia a lingua galega. Por esta relevancia animou ao alumnado de Ciencias da Educación presente no acto a que "non esquezaades nunca a importancia do teatro dentro das vosas aulas, que chegarán pronto". A transmisión da lingua e da cultura galegas a través do teatro tamén foi recalcada por Xosé Manuel Cid, que subliñou a importancia de que os futuros docentes "conten con instrumentos que favorezan o cambio nas aulas". "Ensinar teatro é ofrecer instrumentos de pensamento crítico", "é facer das xeracións máis novas seres aos que nunca lle serán expropiados os soños", recalculles Cesáreo Sánchez.

A visión desde a experiencia

Trala inauguración, Paula Carballeira ofreceu unha conferencia na que achegou aos asistentes a súa visión sobre a potencialidade do teatro infantil e xuvenil tendo en conta a súa dilatada experiencia de 17 anos neste eido coa compañía profesional BerroBambán, formada por Chiqui Pereira e ela mesma. Por ser a primeira das conferencias, apuntou, a súa intervención deseñouna pensando en tocar diferentes temas que ao longo do ciclo serán abordados máis en detalle por diferentes especialistas. "Interésame que os futuros docentes reflexionen sobre porqué é tan difícil meter ao teatro nunha única casilla", explicou antes da súa intervención. Deste xeito, a contacontos destacou a mestura que nesta arte se dá de literatura, espectáculo, artes escénicas, música, etc. Subliñando como "o teatro é unha arte viva que está en todos os ámbitos" e o feito de que "moitas veces se lle deixa de lado", Paula Carballeira abordou ao longo da súa intervención o potencial pedagóxico do teatro na formación dos rapaces e rapazas, destacando a importancia de que, para acadalo, estea presente tamén na formación do alumnado de Ciencias da Educación.

Durante a súa intervención, a actriz reivindicou aos autores galegos de teatro e presentou diferentes ferramentas que teñen os docentes para abordar o uso do teatro nas aulas. Sobre as vantaxes de facelo, explicou os beneficios que reporta en eidos como a expresión oral e corporal, o traballo en equipo, "a busca da beleza de maneira colectiva", a educación musical e plástica, etc. Por todos estes beneficios, Paula Carballeira salientou que a resposta á pregunta de que facemos co teatro debe ser "darlle a man e prestarlle atención".

Máis conferencias

Trala intervención de Paula Carballeira, as conferencias seguirán o día 10 de outubro coa profesora e dramaturga Raquel Castro, que abordará o teatro como "unha ferramenta imprescindible no ensino", e o día 17, cando o mestre e escritor Antón Cortizas, que falará sobre como "escribir teatro dende o anfiteatro". Tamén pasarán polo ciclo o dramaturgo Carlos Labraña, que ofrecerá o 24 de outubro unha intervención titulada *Teatro para ler, teatro para pensar*, e o escritor Manuel Núñez Singala, que falará o día 31 sobre normalización da lingua, identidade e literatura. Pechará esta terceira edición do Ciclo de Literatura Infantil e Xuvenil unha intervención de Sabela Gago, actriz e docente especializada en teatro, que abordará o 7 de novembro a cuestión da literatura infantil e a dramatización. Todas as conferencias celebraranse ás 18.00 h na Sala Emilia Pardo Bazán da Facultade de Ciencias da Educación, estando abertas á asistencia do alumnado deste centro, dos estudantes do campus de Ourense, de docentes en activo e de público en xeral interesado nesta temática.